



**NARÓN**

## **CONCELLO DE NARÓN**

### **DECRETO DE ALCALDÍA**

**DONA MARIÁN FERREIRO DÍAZ, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE NARÓN,**

Ante a expansión da pandemia provocada polo virus COVID-19 (coronavirus) e as diversas medidas adoptadas pola Xunta de Galicia anunciadas polo seu Presidente no día de hoxe, que suporán, entre outras, a clausura de todos os centros educativos de Galicia a partir do vindeiro luns día 16 de marzo de 2020, por un período estimado de catorce días, esta Alcaldesa, en virtude da previsión establecida no artigo 21 letra m) da LBRL

### **DECRETA**

**PRIMEIRO. - SUSPENDER a celebración de ACTIVIDADES ESCOLARES E EXTRAESCOLARES dependentes do Concello de Narón.**

**SEGUNDO. - SUSPENDER as actividades nas seguintes instalacións municipais: BIBLIOTECA, AXENCIAS DE LECTURA, LUDOTECA, CASA DA MOCIDADE, ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, CENTRO COMUNITARIO MANUELA PÉREZ SEQUEIROS (agás o Centro de Día), CENTRO DAS VIVENDAS DA MARIÑA (agás o comedor) E OS CENTROS CÍVICOS E SOCIAIS.**

**TERCEIRO. - SUSPENDER a realización de todas as actividades formativas presenciais no CENTRO DE FORMACIÓN IRMÁNS FROILAZ e na AULA CEMIT.**

**CUARTO. - SUSPENDER todas as ACTIVIDADES NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS dependentes do Concello de Narón.**

**QUINTO. - SUSPENDER todas as ACTIVIDADES NAS INSTALACIÓNS CULTURAI dependentes do Concello de Narón, así como a toalidade dos ESPECTÁCULOS PÚBLICOS CULTURAI, nesas mesmas instalacións.**

**SEXTO. - As suspensións reseñadas terán efectos dende o día de mañá, TRECE DE MARZO DE 2020, ata o domingo 29 deste mes.**

**SÉTIMO. - As medidas sinaladas, quedan condicionadas a calquera variación que determinen as autoridades sanitarias autonómicas ou estatais.**

Narón, 12 de marzo de 2020

